

## Participa na creación dun tapiz humano contra a violencia de xénero

Luns 25 de novembro. Ás 12:00 h.  
Punto de encontro: farola de Urzáiz.

## Visita a exposición colectiva contra a violencia de xénero

Rúa do Príncipe. Do 21 ao 27 de novembro. De 10:00 a 20:00 h.

## Charla-coloquio "Enredámonos nas redes...?"

As ciberviolencias e os controis das redes sociais

A cargo de Ianire Estébanez Castaño, psicóloga especialista na abordaxe da violencia de xénero na xuventude. Martes 12 de novembro ás 19:00 h. Casa Galega da Cultura (praza da Princesa, 2).  
Entrada libre. Aforo limitado.

Máis información en [www.enlazavigo.com](http://www.enlazavigo.com)

CONCELLO  
DE VIGO



25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero

# REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Consello Municipal  
da Muller



[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

enlaza  
vigo



**Enlaza Vigo é unha iniciativa do Consello Municipal da Muller e da Concellería de Igualdade de Vigo para esixir a todos os poderes públicos e á sociedade en xeral un compromiso real e unha implicación decidida para combater o terrorismo machista.**

## **Do 21 ao 27 de novembro**

### Exposición colectiva contra a violencia de xénero

Exposición de obras realizadas polo alumnado dos centros de ensino secundario da cidade. Calquera que se achegue poderá facer a súa propia obra.

*De 10:00 a 20:00 h. Rúa do Príncipe.*

## **25 de novembro**

### Tapiz humano

Co gallo da conmemoración, o 25 de novembro, do Día Internacional contra a violencia de xénero, o Consello Municipal da Muller e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo poñen en marcha, por terceiro ano consecutivo, Enlaza Vigo, un conxunto de accións dirixidas a denunciar e sensibilizar á sociedade sobre a violencia que se exerce contra as mulleres.

O pasado ano, Enlaza Vigo promoveu a celebración dun gran tapiz humano cun desenvolvemento previo, de carácter lúdico e participativo para todo o alumnado, na que participaron máis de 2.000 persoas, na súa maior parte alumnos e alumnas de centros de ensino secundario da cidade.

Nesta nova edición, Enlaza Vigo contra a violencia de xénero desenvolverá diversas accións, como a creación novamente dun tapiz humano na rúa, actuación que reflicte un berro colectivo e unánime de rexeitamento fronte ás tráxicas consecuencias que ocasionan as actitudes machistas.

O tramo da rúa onde se realizará este acto cortarase ao tráfico rodado para garantir a seguridade das persoas participantes.

*Punto de encontro: farola de Urzáiz.*

*De 10:30 a 11:45 h.*

*Actividades lúdicas e reivindicativas.*

*De 11:45 a 12:15 h.*

*Formación do tapiz.*

*12:30 h.*

*Peche do evento.*